

**CONTRATACIÓN DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN EN RÚA MONTE ADAIRO E MONTE PIA PAXARO. EXP. REF. 2018-71.**-----

Na Casa do Concello de Lugo, a un de outubro de dous mil dezanove.

----- ASINANTES -----

Dunha parte, **DONA MERCEDES PULA ALVARELLOS FONDO**, Ilma. Tenente de Alcalde delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, en representación do Excmo. Concello de Lugo, pola delegación conferida segundo do Decreto núm. 19005684, do 1 de xullo de 2019, do Libro Único de Resolucións. -----

E da outra, **DON MANUEL TABOADA GOMEZ**, co DNI número 35240006-G, en nome da empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L., con CIF B-36052876, como administrador unico, segundo escritura de "elevacion a publico de acordos sociais, outorgado pola notario, Dona MARIA TERESA SANCHO SANCHEZ o 11 de xuño do 2014, numero de protocolo 422, e con respecto á cal o comparecente declara que non houbo modificacións posteriores e que se atopa en vigor.-----

Ámbalas dúas partes recoñécense competencia e capacidade respectivamente para a formalización do presente contrato, sendo asinado asi mesmo por **DONA MARIA GARCIA FERRO**, vicesecretaria do Excmo. Concello de Lugo, nas súas funcións de fedataria pública.

----- ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS -----

**PRIMEIRO.-** Acordo da Xunta de Goberno Local 14/489, do día 22 de agosto de 2018, polo que se aproba a **CONTRATACIÓN DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN EN RÚA MONTE ADAIRO E MONTE PÍA PAXARO (EXP. REF 2018-71)**, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares a súa adxudicación por procedemento aberto e o gasto de 34.326,84 € (IVE incluído). (Xúntase copia do sinalado acordo, como anexo nº 1).-----

**SEGUNDO.-** Tramitación regulamentaria do expediente.-----

**TERCEIRO.-** Acordo da Xunta de Goberno Local 7/530, do 28 de agosto de

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

XMCR/mb

Refª: CONTRATO 2018-71

Asunto: Contrato administrativo

do 2019, polo que se aproba entre outros a adxudicación do contrato correspondente o **CONTRATACIÓN DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN EN RÚA MONTE ADAIRO E MONTE PÍA PAXARO (EXP. REF 2018-71)**a empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L., CIF B-36052876, por sela mellor oferta calidade-prezo consistente nun importe de 20.100,00 euros máis un 21% de IVE (4.221,00 euros) o que fai un total de 24.321,00 euros, con cargo a partida 15300.61100 do vixente presuposto municipal, RC REM 20386/19; ademais oferta un incremento do prazo de garantía de 48 meses a maiores do mínimo de doce meses establecidos como obrigatorio.-----

----- CLÁUSULAS DO CONTRATO -----

**PRIMEIRA.-** DON **MANUEL TABOADA GOMEZ** , co DNI número 35240006-G , en representación da empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L., comprométese á execución do contrato correspondente ás obras de PAVIMENTACION EN RUA MONTE ADAIRO E MONTE PIA PAXARO, con estricte suxeición ó pregos de cláusulas administrativas particulares e as bases técnicas, así como o acordo de adxudicación aprobados pola Administración municipal, documentos contractuais que acepta plenamente, e demais condicións presentadas na súa oferta.-----

**SEGUNDA.-** O prezo deste contrato ascende a cantidade de por un importe de 20.100,00 euros máis un 21% de IVE (4.221,00 euros) o que fai un total de 24.321,00 euros, con cargo a partida 15300.61100 do vixente presuposto municipal, RC REM 20386/19.

- O pagamento efectuarase:

Mediante facturas mensuais unha vez presentadas as correspondentes certificacións polo Director facultativo do contrato, e conformadas polo/a técnico da unidade encargada de seguimento e execución ordinaria do contrato, así como polo concelleiro delegado da Área correspondente.

As facturas deberán ter un formato electrónico e presentarse a través do Punto Xeral de Entrada das Facturas Electrónicas dirixidas a este Excmo. Concello de Lugo configurado na plataforma electrónica "FACe: Punto General de Entrada de Facturas electrónicas", da Secretaría de Estado das

Administracións Públicas, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Os códigos asignados ó Concello de Lugo e que deberán terse en conta para a emisión da factura son os seguintes:

Oficina Contable: L01270288 Excmo. Concello de Lugo.

Órgano Xestor: LA0005481. Educación e infraestructuras urbanas.

Unidade Tramitadora: LA0005547 Enxeñería.

En todo caso, deberá incluírse na factura electrónica a identificación do nº de expediente de contratación: **Exp. Ref. 2018-71**

Ós efectos sinalados no artigo 200 da LCSP, entenderase cumprida a notificación fehaciente do acordo de cesión relativa á transmisión do dereito de cobro, previa solicitude expresa do interesado, pola toma de razón dos responsables municipais no documento xustificativo do gasto debidamente aprobado polo órgano competente.-----

**TERCEIRA.-** O prazo de execución da obra será de **UN MES** contado a partires do día seguinte ao de sinatura da acta de comprobación do replánteo.-----

**CUARTA.-** Para responder do cumprimento deste contrato, foi constituído en favor do Concello, unha garantía definitiva mediante aval de ASEFA, por importe de 1.005,00 euros, segundo carta de pagamento numero 201900081148, do 9 de agosto do 2019. (Xúntase de carta de pagamento, como anexo núm. 3). -----

**QUINTA.-** O contratista da a súa conformidade aos pregos de cláusulas administrativas particulares e de condicións técnicas que rexen para este contrato, aprobado pola Administración municipal, someténdose aos preceptos da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, Real decreto 781/86, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro e Real decreto 817/2009 do 8 de maio, así como o Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, no que fose de aplicación e demais disposicións vixentes en materia de contratos que sexan aplicables ás corporacións locais. Así mesmo manifesta expresamente que a data actual

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

XMCR/mb

Refª: CONTRATO 2018-71

Asunto: Contrato administrativo

non se atopa incurso en ningunha causa de prohibicións para contratar coa Administración, así como que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias -incluído co Concello de Lugo- e coa Seguridade Social.-----

**SEXTA.-** O contratista está obrigado a cumprir o disposto nas leis protectoras da industria nacional e do traballo en tódolos seus aspectos, incluídos os de previsión e Seguridade Social.-----

Para a debida constancia de todo o convido, asínase este contrato mediante a sinatura electrónica dos intervenintes.-----

O ALCALDE,  
P.D. A TENENTE ALCALDE  
DELEGADA DA ÁREA,

O CONTRATISTA,

Asdo.: Mercedes Paula Albarellos Fondo.      Asdo.: Manuel Taboada Gomez

A VICESECRETARIA DO CONCELLO DE LUGO,

Asdo.: María García Ferro